

12694 *LEI 22/1999, do 7 de xuño, de modificación da Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ó ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros, relativas ó exercicio de actividades de radiodifusión televisiva. («BOE» 136, do 8-6-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 97/36/CE, do 30 de xuño, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se modifica a Directiva 89/552/CEE, do 3 de outubro, do Consello, sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros relativas ó exercicio de actividades de radiodifusión televisiva, outórgalles a estes, no seu artigo 2, un prazo de dezaioito meses para a súa incorporación ó seu ordenamento xurídico.

Para que España poida cumprir con esta obriga, faise preciso modifica-la Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se trasladou ó dereito español a Directiva 89/552/CEE, do 3 de outubro.

A modificación, non obstante, non pode limitarse á mera incorporación mecánica do contido da Directiva 97/36/CE. Os cambios producidos na regulación do sector, a propia evolución da realidade audiovisual en España, a existencia de novas prácticas tecnolóxicas e comerciais e a constatación de que algúns preceptos da Lei 25/1994 resultaban imprecisos ou se apartaban dos criterios fixados pola Unión Europea, determinaron a conveniencia de aproveita-la aprobación desta disposición para introducir adaptacións na vixente normativa.

En primeiro lugar, modificáronse certos aspectos da Lei 25/1994, modificacións que sería preciso acometer, con independencia da aprobación ou non da nova directiva sobre televisión sen fronteiras.

Así, substitúese no articulado toda alusión ás «entidades que prestan servicio público de televisión» por unha máis xeral ós «operadores de televisión», evitando a referencia ó carácter de servicio público, xa que, diferentemente do que ocurría no momento da aprobación da Lei 25/1994, desde a entrada en vigor da Lei 37/1995, do 12 de decembro, de telecomunicacións por satélite, existen en España servicios de televisión que non teñen a consideración de servicio público, pero ós que a directiva europea non excusa do cumprimento das obrigas impostas nela, polo que non podían ser excluídos do ámbito de aplicación da lei.

Esta ampliación obxectiva do ámbito de aplicación da Lei 25/1994, compénsase parcialmente ó excluí-las televisións locais das obrigas impostas no capítulo II (cotas) de acordo co artigo 1.10 da Directiva 97/36/CE.

Habilítanse, non obstante, ó abeiro do disposto no artigo 3.1 da Directiva 89/552/CEE modificado polo 1.4) da Directiva 97/36/CE, as comunidades autónomas para que adopten medidas activas de protección da súa lingua propia.

Por outra parte, ó elabora-la Lei 25/1994, o lexislador español interpretou que cabían dous criterios para determina-la xurisdicción estatal competente; a saber: o lugar de establecemento do operador (criterio económico) ou o lugar desde onde se producise a emisión (criterio téc-

nico). Optouse pola segunda das solucións no artigo 2 da Lei 25/1994, ó establece-lo seu ámbito de aplicación.

A Comisión Europea considerou que só é aplicable o criterio do lugar de establecemento (interpretación que foi ratificada por sentenza do Tribunal Europeo de Xustiza no asunto C222/94, Comisión contra o Reino Unido) e a nova directiva reforzou de forma expresa este criterio da Comisión, que foi incorporado á lei española.

Igualmente, trasladouse á lei española, no seu artigo 4, o recoñecemento da liberdade de retransmisión, incluído na Directiva 89/552/CEE, pero que a Lei 25/1994 non recollía.

Modifícase a redacción do artigo 4, de acordo coa recente xurisprudencia europea (asunto C-11/94 sentenciado polo Tribunal Europeo de Xustiza, asunto C-14/96 sentenciado polo Tribunal de Primeira Instancia Europeo), para excluír claramente calquera tipo de intervención administrativa previa que teña por obxecto controla-la adecuación das emisións transfronteirizas á normativa comunitaria ou á lexislación do correspondente estado membro.

Esta nova redacción, ó abeiro do disposto no número 2, do artigo 2 bis da Directiva 89/552/CEE, modificado polo artigo 1.3) da Directiva 97/36/CE, deixa aberta a posibilidade dunha intervención da Administración española en caso de violación reiterada e sistemática do artigo 17 da Lei (protección ó menor), equivalente ós artigos 22 e 22 bis da Directiva.

Polo que afecta á incorporación da Directiva 97/36/CE, no capítulo II, introdúcese unha nova alínea 5 no artigo 5 da lei española, que establece o principio de reciprocidade para o recoñecemento do carácter europeo das obras audiovisuais, e elimínase o artigo 8, que recollía un calendario orientativo de explotación de obras cinematográficas.

Neste mesmo capítulo, aínda que non se modifica o réxime de cotas de emisión, que non sufriu alteración na nova directiva, dáse un novo impulso á promoción da industria audiovisual española e europea, ó establece-la obriga de que os operadores de televisión destinen un 5 por 100 dos seus ingresos ó financiamento de longametraxes cinematográficas europeas e películas para televisión de igual procedencia.

No capítulo III, que regula o réxime da publicidade e o patrocinio televisivos, dáse un tratamento específico á televenda como fenómeno distinto da publicidade e cualifícanse os anuncios de autopromoción dos servicios de televisión como unha forma de publicidade, e, en xeral, téndese a flexibilizar e a alixeira-las obrigas impostas ós operadores de televisión na Directiva 89/552/CEE. No citado capítulo, autorízase, con restricións, o patrocinio por parte de laboratorios farmacéuticos (artigo 15 da lei). Introdúcese, igualmente, un novo artigo 14 polo que se permite e regula o funcionamento de cadeas de televisión dedicadas exclusivamente á televenda ou á autopromoción e amplíase o tempo máximo que pode destinarse á televenda, cando esta se leve a cabo dentro de programas que cumpran determinados requisitos.

Seguindo a Directiva 97/36/CE, no capítulo IV da lei, relativo á protección dos menores, introdúcese unhas mínimas modificacións, fundamentalmente para dar entrada a un tratamento independente á televenda e, no capítulo VI (antes capítulo V), sobre réxime sancionador, incorpórase expresamente o procedemento para que terceiros interesados, incluídos os nacionais doutros estados membros da Unión Europea, poidan reclamar en caso de posible incumprimento das obrigas previstas na lei.

A traslación ó dereito interno da Directiva 97/36/CEE, do 30 de xuño, determinou a incorporación dunha disposición adicional segunda para recolle-lo número 3 do artigo 3bis da Directiva 89/552/CEE modificada pola Directiva 97/36/CE, que obriga ó Estado

español a incorpora-lo principio do recoñecemento mutuo na regulación do exercicio dos dereitos exclusivos sobre acontecementos de interese xeral para o público doutro estado membro da Unión Europea.

Pero, ademais, a necesidade de modifica-la Lei 25/1994, para dar cumprimento ós compromisos do Estado español dentro da Unión Europea, aconsellou aproveitar-la ocasión para rectificar certas imprecisións na actual redacción do texto da lei vixente que podían dar lugar a conflitos de interpretación e para limita-la consolidación de certas prácticas, como a denominada contraprogramación dos operadores de televisión, recoñecendo os dereitos dos usuarios, en canto telespectadores, a recibir unha información adecuada e verídica sobre a programación prevista.

As restantes modificacións son, en xeral, menores, sendo as máis significativas as seguintes:

a) Modifícanse algúns preceptos que, na súa aplicación concreta, se amosaron imprecisos tal como ocorreu co ata agora vixente artigo 3, d) que define a publicidade encuberta, ou non recollían novas formas de publicidade como a virtual.

b) Regúlanse expresamente, no artigo 11, outras formas de publicidade como as telepromocións e as telerreportaxes que, sendo utilizadas habitualmente polas televisións, non estaban nin autorizadas nin prohibidas pola Lei de 1994, e ás cales debían aplicarse por analogía coas regras previstas na lei.

c) Altérase a redacción dos artigos 13 e 14 (que pasarán a se-los artigos 12 e 13) con obxecto de clarificar algúns dos supostos ós que se aplican regras especiais en materia de interrupcións comerciais (retransmisións deportivas sen interrupcións programadas, como competicións ciclistas ou automobilísticas).

d) Actualizáronse as sancións pecuniarias e incorporouse a posibilidade de sancionar coa perda da licenza de emisión as infraccións particularmente graves.

e) Finalmente, modifícase a numeración dos artigos da redacción inicial da Lei de 1994 para mante-la súa correlación.

En definitiva, quíxose conxugar un triple interese: 1.º Asumir polo ordenamento xurídico español a nova directiva comunitaria. 2.º Regular, con maior claridade, a actividade televisiva, e 3.º Garanti-los dereitos dos usuarios fronte a determinadas formas de publicidade abusivas ou perniciosas para os seus lexítimos intereses.

Artigo único. *Modificación da Lei 25/1994, do 12 de xullo.*

Modifícase a Lei 25/1994, do 12 de xullo, nos seguintes aspectos:

Un. Dáselle unha nova redacción ó artigo 1, co texto seguinte:

«Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto:

1.º Establece-lo réxime xurídico que garanta a libre difusión e recepción das emisións televisivas entre os estados da Unión Europea.

2.º Fomenta-lo desenvolvemento de determinadas producións televisivas.

3.º Regula-la publicidade televisiva, en tódalas súas formas.

4.º Regula-lo patrocinio televisivo.

5.º Defende-los intereses lexítimos dos usuarios e, en especial, dos menores para preserva-lo

seu correcto desenvolvemento físico, mental e moral.

O previsto nesta lei non impide a aplicación da lexislación específica en materia de sanidade, medicamentos e produtos sanitarios, de protección dos consumidores e usuarios e de publicidade.»

Dous. Modifícase o artigo 2, nos seguintes termos:

1. Dáselle unha nova redacción ó punto 1, co texto seguinte:

«1. Esta lei aplícase ás emisións de televisión realizadas polos operadores de televisión establecidos en España ou que, non estando baixo a xurisdicción de ningún país membro da Unión Europea, estean nalgún dos supostos recollidos na alínea terceira.»

2. Créanse dúas novas alíneas, cos números 2 e 3 e o seguinte texto:

«2. Considéranse establecidos en España os operadores de televisión que cumpran algunha das condicións seguintes:

a) Que teñan a súa sede principal en España e as decisións editoriais sobre a programación se adopten en territorio español ou traballe nel unha parte significativa do seu persoal.

b) Que, tendo a súa sede principal noutro país membro da Unión Europea, sen que traballe nel, senón en España, unha parte significativa do seu persoal, as decisións editoriais sobre programación se adopten neste último país.

c) Que, tendo a súa sede principal en España e adoptándose as decisións editoriais sobre programación noutro país membro da Unión Europea, ou viceversa, e non traballando en España nin ese outro país unha parte significativa do seu persoal, comezasen a emitir por primeira vez desde España e manteñan un vínculo estable e efectivo coa economía española.

d) Que tendo a súa sede principal nun país non membro da Unión Europea, as decisións editoriais sobre programación se adopten en España e neste país traballe unha parte significativa do seu persoal.

Para a aplicación das previsións contidas nas alíneas precedentes, só se considerará o persoal do operador que especificamente se dedique a actividades de televisión, tal como se encontran definidas estas na alínea a) do artigo 3.

3. Para efectos desta lei, considéranse baixo xurisdicción española as emisións de televisión realizadas por operadores de televisión establecidos nun país non membro da Unión Europea, nos seguintes supostos:

a) Cando utilicen unha frecuencia concedida pola Administración española.

b) Cando, sen utilizaren unha frecuencia concedida pola Administración española ou doutro estado membro da Unión Europea, utilicen a capacidade de satélite con explotación reservada a España.

c) Cando, sen utilizaren unha frecuencia concedida pola Administración española ou pola doutro estado membro da Unión Europea nin a capacidade de satélite reservada a calquera destes países, utilicen, para a súa conexión co referido satélite, un enlace ascendente situado en territorio español.»

3. A alínea número 2 pasa a ser a número 4, co seguinte texto:

«4. Ás emisións de televisión destinadas exclusivamente a seren captadas no territorio de estados que non sexan membros da Unión Europea e que non poidan ser recibidas, directa nin indirectamente, polo público nun estado integrante da Unión Europea, só lles será de aplicación o disposto nos artigos 8, 9, 10, e no capítulo IV desta lei.»

4. Créase unha nova alínea, co número 5, e o seguinte texto:

«5. O capítulo II desta lei non será de aplicación ás emisións de televisión de cobertura local que non formen parte dunha rede nacional.

Non obstante o anterior, as comunidades autónomas poderán introducir normas de contido equivalente ó das previstas nese capítulo, con obxecto de promoveren a produción audiovisual na súa lingua propia, nos servizos de televisión local baixo a súa competencia.»

Tres. Modifícase o artigo 3, nos seguintes termos:

1. Créase unha nova alínea b) co seguinte texto:

«b) Operador de televisión: a persoa física ou xurídica que asuma a responsabilidade editorial da programación televisiva de acordo coa alínea a) e que a transmita ou a faga transmitir por un terceiro.»

2. A alínea b) pasa a ser alínea c) co texto seguinte:

«c) Publicidade por televisión: calquera forma de mensaxe televisada emitida, mediante contraprestación e por encargo dunha persoa física ou xurídica, pública ou privada, en relación cunha actividade comercial, industrial, artesanal ou profesional, co fin de promover a contratación de bens mobles ou inmobles ou de servizos de calquera tipo.

As mensaxes dedicadas á autopromoción terán, para efectos desta lei, a consideración de publicidade.

Tamén se considerará publicidade calquera forma de mensaxe emitida por conta de terceiros para promover determinadas actitudes ou comportamentos entre os telespectadores.»

3. A alínea c) pasa a ser alínea d) coa seguinte redacción:

«d) Publicidade encuberta: aquela forma de publicidade que supoña a presentación verbal, visual ou sonora, dentro dos programas, dos bens, os servizos, o nome, a marca, a actividade ou os elementos comerciais propios dun empresario que ofrezca bens e servizos e que teña, por intención do operador de televisión, propósito publicitario e poida induci-lo público a erro en canto á súa natureza.

En particular, a presentación dos bens, os servizos, o nome, a marca, as actividades ou os elementos comerciais propios dun terceiro considerárase intencionada e, por conseguinte, terá o carácter de publicidade encuberta, se se fai a cambio dunha remuneración, calquera que sexa a natureza desta.

Non terá esta consideración a presentación que se faga en acontecementos abertos ó público organizados por terceiras persoas e dos que os dereitos de emisión televisiva se cedesen a un operador de televisión, cando a participación deste último se limite á mera retransmisión do evento e sen que se produza unha desviación intencionada para realza-lo carácter publicitario.»

4. As alíneas d), e) e f) pasan a ser respectivamente alíneas e), f) e g), co mesmo texto.

5. Créase unha nova alínea h) co seguinte texto:

«h) Televenda: a radiodifusión televisiva de ofertas directas ó público para a adquisición ou o arrendamento de toda clase de bens e dereitos ou a contratación de servizos, a cambio dunha remuneración.»

Catro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 4, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 4. *Liberdade de recepción.*

Garántese a liberdade de recepción e de retransmisión dentro do territorio nacional das emisións de televisión de operadores baixo a xurisdicción doutro estado membro da Unión Europea, sempre que non interfiran tecnicamente as que realicen regularmente as emisoras españolas nin vulneren as normas españolas relativas a materias distintas das reguladas nesta lei.

O parágrafo anterior non será de aplicación no caso de emisións que, durante un período de doce meses, violasen en máis de dúas ocasións, e así se puxese de manifesto nos correspondentes expedientes tramitados polo Ministerio de Fomento, o disposto nas alíneas 1 e 2 do artigo 17 desta lei. Neste suposto, o Estado español exercerá, se é o caso, as facultades que lle outorga a normativa comunitaria aplicable.»

Cinco. Modifícase a redacción do artigo 5 nos seguintes termos:

1. Dáselle unha nova redacción á alínea 1, co seguinte texto:

«1. Os operadores de televisión deberán reservar-lo 51 por 100 do seu tempo de emisión anual á difusión de obras audiovisuais europeas.

Para o cumprimento desta obriga, deberán destinar como mínimo, cada ano, o 5 por 100 da cifra total de ingresos percibidos durante o exercicio anterior, conforme a súa conta de explotación, ó financiamento de longametraxes cinematográficas e películas para televisión europeas.»

2. Dáselle unha nova redacción á alínea 4, co seguinte texto:

«4. Igualmente, terán a consideración de obras europeas as orixinarias de estados terceiros europeos, distintos dos mencionados na alínea anterior, cos que a Unión Europea subscribíse acordos relativos ó sector audiovisual, sempre que, polo menos, un 51 por 100 do total de autores, intérpretes, técnicos ou outros traballadores que participen nelas, residan nalgún dos estados aludidos na alínea anterior.»

3. Créanse dúas novas alíneas, cos números 5 e 6 e o seguinte texto:

«5. As alíneas 3 e 4 deste artigo só serán de aplicación ás obras orixinarias de estados terceiros, asinantes ou non do Convenio europeo sobre a televisión transfronteiriza, coa condición de que as dos estados membros da Unión Europea non sexan obxecto de medidas discriminatorias naqueles.

6. As obras que non sexan consideradas europeas, de acordo coas alíneas anteriores, pero que se producen no marco de tratados bilaterais de coproducción subscritos entre os estados membros da Unión Europea e países terceiros, consideraranse

europas, sempre que a participación dos coprodutores comunitarios no financiamento do custo total da produción sexa maioritaria e que esta produción non estea controlada por un ou varios produtores establecidos fóra do territorio dos primeiros.»

4. A alínea número 5 pasa a ser alínea número 7, co mesmo texto.

Seis. Substitúese a actual redacción do artigo 6 pola seguinte:

«Artigo 6. *Obras europeas de produtores independentes.*

Os operadores de televisión, dentro do período de tempo establecido na alínea 1 do artigo anterior, reservarán un mínimo do 10 por 100 do seu tempo total de emisión a obras europeas de produtores independentes respecto das entidades de televisión, das que máis da metade deberán ter sido producidas nos últimos cinco anos.»

Sete. 1. O artigo 7 pasa a ser alínea 1 do mesmo artigo, coa redacción seguinte:

«1. Para os efectos dos artigos anteriores deste capítulo, non se computará como tempo de emisión o dedicado a informacións, transmisións deportivas, concursos ou xogos, publicidade, televenda e servicios de teletexto.»

2. Créase unha nova alínea, co número 2, no artigo 7, co seguinte texto:

«2. Para os mesmos efectos, nos servicios de pagamento para as emisións de televisión dun operador que se contraten de forma conxunta e inseparable dentro dunha determinada oferta, as disposicións dos citados artigos aplicaranse ó seu tempo total de emisión.»

Oito. Suprímese o actual artigo 8.

Nove. Substitúese a rúbrica do capítulo III pola seguinte:

«Capítulo III. Da publicidade en televisión, a televenda e o patrocinio televisivo.»

Dez. Dentro do capítulo III, o artigo 9 pasa a ser artigo 8 e queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Publicidade e televenda ilícitas.*

1. Ademais das formas de publicidade indicadas no artigo 3 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, son ilícitas, en todo caso, a publicidade por televisión e a televenda que fomenten comportamentos prexudiciais para a saúde ou a seguridade humanas ou para a protección do ambiente; atenten ó debido respecto á dignidade das persoas ou ás súas conviccións relixiosas e políticas ou as discriminen por motivos de nacemento, raza, sexo, relixión, nacionalidade, opinión, ou calquera outra circunstancia persoal ou social. Igualmente, son ilícitas a publicidade e a televenda que inciten á violencia ou a comportamentos antisociais, que apelen ó medo ou á superstición ou que poidan fomentar abusos, imprudencias, negligencias ou conductas agresivas.

Terán a mesma consideración a publicidade e a televenda que inciten á crueldade ou ó maltrato ás persoas ou ós animais ou á destrución de bens da natureza ou culturais.

2. A publicidade e a televenda non deberán utilizar técnicas subliminares, entendendo por tales as que conteñen os elementos que se recollen na citada Lei xeral de publicidade para defini-la publicidade subliminar.»

Once. O artigo 10 pasa a ser artigo 9 e queda modificado nos termos seguintes:

1. Modifícase a rúbrica do artigo, que queda redactada da seguinte maneira:

«Artigo 9. *Publicidade e televenda prohibidas.*»

2. Modifícase a alínea 1.a) do artigo, que queda como segue:

«a) Calquera forma directa ou indirecta de publicidade e de televenda de cigarros e demais produtos do tabaco.»

3. Modifícase a alínea 1.b), que queda redactada da seguinte maneira:

«b) Calquera forma directa ou indirecta de publicidade de medicamentos e tratamentos médicos que só poidan obterse por prescrición facultativa no territorio nacional.»

4. Créase unha nova letra d) na alínea 1 do artigo, do seguinte teor:

«d) A televenda de medicamentos, tratamentos médicos e produtos sanitarios.»

5. Modifícase a alínea 2 do artigo, que queda redactada como segue:

«2. Quedan prohibidas a publicidade e a televenda encubertas.»

Doce. O artigo 11 pasa a ser artigo 10 e queda modificado nos termos seguintes:

1. Modifícase a rúbrica do artigo, que queda redactada da seguinte maneira:

«Artigo 10. *Publicidade e televenda de bebidas alcohólicas.*»

2. Créase no artigo unha nova alínea co número 1, co seguinte texto:

«1. Queda prohibida calquera forma directa ou indirecta de publicidade e de televenda de bebidas con graduación alcohólica superior a vinte graos centesimais.»

3. O actual artigo 11 pasa a se-la alínea 2 do artigo 10 co seguinte texto:

«2. A publicidade e a televenda das restantes bebidas alcohólicas deberá respecta-los seguintes principios:

a) Non poderán estar dirixidas especificamente ás persoas menores de idade nin, en particular, presenta-los menores consumindo esas bebidas.

b) Non deberán asocio-lo consumo de alcohol a unha mellora do rendemento físico ou da condución de vehículos, dar impresión de que o consumo de alcohol contribúe ó éxito social ou sexual, suxerir que as bebidas alcohólicas teñen propiedades terapéuticas ou un efecto estimulante ou sedante, ou que constitúen un medio para resolver conflitos.

c) Non deberán estimular o consumo inmoderado de bebidas alcohólicas ou ofrecer unha imaxe negativa da abstinencia ou da sobriedade nin salientar como cualidade positiva das bebidas o seu contido alcohólico.»

Trece. O artigo 12 pasa a ser artigo 11 e queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 11. *Identificación e colocación da publicidade e os anuncios de televenda.*

1. A publicidade e a televenda deberán ser facilmente identificables e diferenciarse claramente dos programas, a través de medios ópticos ou acústicos.

2. Os anuncios publicitarios e de televenda emitiranse de forma agrupada. Só excepcionalmente se emitirán anuncios publicitarios e de televenda illados.

3. A publicidade televisiva e os anuncios de televenda deberán inserirse entre os programas.

Non obstante, de acordo co disposto no artigo seguinte, tamén poderá inserirse publicidade e anuncios de televenda interrompendo os programas, sempre que non se prexudique a súa unidade nin se desmereza o valor ou a calidade destes e as interrupcións se realicen tendo en conta as propias pausas naturais do programa, a súa duración e a súa natureza, e de modo que, en ningún caso, se prexudiquen os dereitos dos titulares dos programas dentro da emisión dos cales se produzan.

4. Na emisión de publirreportaxes, telepromocións e, en xeral, daquelas formas de publicidade distintas dos anuncios televisivos que, polas características da súa emisión, poderían confundir o espectador sobre o seu carácter publicitario, deberá superarse, permanentemente e de forma claramente lexible, unha transparencia coa indicación publicidade.

5. Nas emisións deportivas poderán inserirse mensaxes publicitarias e de televenda, utilizando transparencias ou calquera outro tratamento da imaxe, unicamente naqueles momentos en que o desenvolvemento do acontecemento retransmitido se encontre detido e sempre que non se perturbe a visión do acontecemento nin se empreguen transparencias que ocupen máis dunha sexta parte da pantalla.

Estas mensaxes consistirán, exclusivamente, en textos escritos e non poderán conter outras imaxes reais nin de animación có logotipo estático da marca.»

Catorce. O artigo 13 pasa a ser artigo 12, modificado nos seguintes termos:

1. Substitúese a alínea 1 por dúas novas alíneas, números 1 e 2, co seguinte texto:

«1. Nos programas compostos de partes autónomas só poderá inserirse a publicidade e os anuncios de televenda entre aquelas partes autónomas.

2. Nas emisións ou programas deportivos ou de acontecementos ou espectáculos de estrutura similar, que contén con intervalos de tempo entre cada unha das partes que os compoñan, só poderá inserirse a publicidade e os anuncios de televenda durante estes intervalos.

Para as emisións deportivas ás que non sexa de aplicación o disposto no parágrafo anterior, rexeirá a regra fixada no parágrafo primeiro da alínea 3, coa salvidade de que non poderán interromperse

para emitir publicidade e anuncios de televenda nos momentos de máximo interese do acontecemento retransmitido.

Poderán inserirse, igualmente, publicidade e anuncios de televenda nas emisións deportivas naqueles momentos en que o desenvolvemento do acontecemento retransmitido estea detido, sempre que esta detención teña unha duración programada.»

2. A alínea número 2 pasa a ser alínea número 3 co seguinte texto:

«3. Nos programas de natureza distinta á dos sinalados nas alíneas anteriores, as interrupcións sucesivas para a inserción de publicidade e anuncios de televenda dentro dos programas deberán estar separadas por períodos de tempo de vinte minutos como mínimo, sen prexuízo do que se dispón nas alíneas seguintes.

O lapso de tempo que transcorra entre a emisión da publicidade e a televenda anterior ou posterior a un programa e as primeiras ou últimas interrupcións para inserir publicidade e anuncios de televenda dentro daquel, poderá ser inferior a vinte minutos.

Por unha soa vez dentro de cada programa, o lapso de tempo entre dous períodos dedicados á publicidade e os anuncios de televenda poderá tamén ser inferior a vinte minutos, pero non menor a quince minutos, para respectar as pausas naturais deste.»

3. A alínea número 3 pasa a ser alínea número 4, co seguinte texto:

«4. As obras audiovisuais, como longametraxes cinematográficas, cunha duración programada de transmisión que sexa superior a corenta e cinco minutos, poderán ser interrompidas unha vez por cada período completo de corenta e cinco minutos, autorizándose, ademais, outra interrupción se a duración total programada da transmisión excede polo menos en vinte minutos de dous ou máis dos períodos temporais iniciais citados. Estas interrupcións deberán respectar a integridade e o valor da obra, da que non poderán omitirse os títulos de crédito.

Exceptúanse do disposto nesta alínea as series, seriais e emisións de lecer, ás cales será de aplicación, se é o caso, o disposto nas restantes alíneas deste artigo.»

4. A alínea número 4 pasa a ser alínea número 5, co seguinte texto:

«5. Os programas informativos, documentais, relixiosos e infantís non poderán ser interrompidos pola publicidade nin a televenda, agás cando a súa duración programada sexa superior a trinta minutos; neste caso aplicarase o establecido nas alíneas 1, 2 e 3 deste artigo.»

5. A alínea número 5 pasa a ser alínea número 6, co seguinte texto:

«6. Non poderá inserirse publicidade nin televenda na emisión de servizos relixiosos.»

6. A alínea número 6 pasa a ser alínea número 7, co mesmo texto.

7. Suprímese a alínea número 7.

8. Modifícase a alínea número 8, que queda como segue:

«8. Durante os períodos dedicados á publicidade e ós anuncios de televenda, as condicións técnicas de emisión do sinal deberán, en todo caso, respecta-los parámetros establecidos na norma técnica aplicable ó medio de transmisión de que se trate. Os operadores habilitados para a difusión do sinal de televisión deberán adoptar as medidas necesarias para que, en ningún caso, os procesos de tratamento dos sinais orixinais produzan no telespectador un efecto de incremento sonoro notoriamente perceptible, respecto da emisión inmediatamente anterior.

Por orde do ministro de Fomento, poderanse establecer novos parámetros técnicos ós que se deberán axustar os servizos de difusión de televisión, con obxecto de desenvolverlo disposto no parágrafo anterior.»

Quince. O artigo 14 pasa a ser artigo 13 e queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 13. *Tempo de emisión dedicado á publicidade e á televenda.*

1. O tempo total dedicado á emisión de publicidade en tódalas súas formas e á televenda, con exclusión dos programas de televenda regulados na alínea 3 deste artigo, non será superior ó 20 por 100 do tempo diario de emisión.

O tempo de emisión dedicado a anuncios publicitarios non poderá supera-lo 15 por 100 do tempo total diario de emisión.

2. Durante cada unha das horas naturais en que se divide o día, o tempo de emisión dedicado á publicidade en tódalas súas formas e ós anuncios de televenda, non poderá ser superior a dezasete minutos.

Respectando o límite anterior, o tempo dedicado ós anuncios publicitarios e de televenda, excluída a autopromoción, non poderá supera-los doce minutos durante o mesmo período.

3. Cada canle de televisión poderá dedicar ata tres horas ó día á emisión de programas de televenda. Estes programas terán unha duración mínima ininterrompida de quince minutos e deberán identificarse como tales, con toda claridade, por medios ópticos ou acústicos.

O número máximo diario de programas de televenda, difundidos por unha canle de televisión non dedicada exclusivamente a esta actividade, será de oito.

4. Para efectos do presente artigo, non terán a consideración de publicidade os anuncios de servizo público ou de carácter benéfico, difundidos gratuitamente, nin os realizados polo operador de televisión en relación cos seus propios programas.»

Dezaseis. Introdúcese un novo artigo co número 14 e o seguinte texto:

«Artigo 14. *Canles de televenda e autopromoción.*

1. As limitacións temporais impostas á televenda no artigo 13 non serán de aplicación ás canles de televisión dedicadas exclusivamente a esta actividade.

Estas canles poderán emitir publicidade nas condicións e dentro dos límites establecidos na presente lei. Sen embargo, non lles será de aplicación o previsto na alínea 2 do artigo 13.

Para que lles resulte de aplicación o réxime previsto nesta alínea, as canles citadas non poderán emitir programas distintos dos de televenda e publicidade.

2. As limitacións temporais impostas á publicidade no artigo 13, non serán de aplicación á relativa á promoción de produtos ou servizos do titular da canle, nas canles de televisión dedicadas exclusivamente a iso.

Estas canles poderán emitir publicidade allea, nas condicións e dentro dos límites establecidos na presente lei para a publicidade en xeral.

Para poder acollerse ó disposto nesta alínea, as canles ás que se refire non poderán emitir programas distintos dos destinados á autopromoción e á publicidade por conta de terceiros.

3. O capítulo II da presente lei non resultará de aplicación ás canles de televisión reguladas nas dúas alíneas anteriores.»

Dezasete. O artigo 15 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 15. *Patrocinio televisivo.*

1. Os programas de televisión patrocinados deberán cumprir-los requisitos seguintes:

a) A acción de patrocinio e o patrocinador deberán estar claramente identificados como tales mediante o nome, o logotipo, a marca, ou outros signos distintivos daquel, ó principio, ó final da súa emisión, ou nos dous momentos.

A acción de patrocinio e o patrocinador poderán identificarse tamén nas interrupcións publicitarias, así como no transcurso do programa patrocinado sempre que iso se faga de forma esporádica e sen perturba-lo desenvolvemento do programa.

Esta identificación non poderá incluír mensaxes publicitarias destinadas a promover de forma directa ou expresa a compra ou contratación de produtos ou servizos do patrocinador ou dun terceiro.

b) O contido e a programación dunha emisión patrocinada non poderán, en ningún caso, ser influídos polo patrocinador de tal forma que se atente contra a independencia editorial do operador de televisión, nin conter mensaxes que inciten á compra ou á contratación dos seus produtos ou servizos ou dos dun terceiro, mediante referencias concretas de promoción a estes produtos ou servizos, excepto durante os períodos dedicados á publicidade e á televenda regulados nos artigos 11 e 12.

2. Os programas de televisión non poderán ser patrocinados por persoas físicas ou xurídicas que teñan como actividade principal a fabricación ou a venda de produtos ou a realización de servizos para os que esta prohibida a publicidade, de conformidade co disposto nos artigos 8 e 9 desta lei. Non obstante, autorízase o patrocinio de programas televisivos por parte de entidades que fabriquen, distribúan ou vendan medicamentos, produtos sanitarios ou tratamentos médicos, sempre que só se faga mención ó nome da entidade patrocinadora, sen referencia ós produtos ou servizos que ofrezca.

3. Non poderán patrocinarse programas diarios sobre noticias nin de actualidade política. Tampouco serán patrocinables as partes en que poidan dividirse os referidos programas, agás as dedicadas a información deportiva e meteorolóxica.

4. Os períodos de tempo dedicados a identifica-lo patrocinio televisivo, ós que se fai referencia na alínea 1, a), deste artigo, non se cuantificarán para os efectos dos tempos máximos de publicidade previstos no artigo 13.»

Dezaioito. O artigo 16 queda modificado nos seguintes termos:

1. A rúbrica do artigo 16 queda redactada da forma seguinte:

«Artigo 16. *Protección dos menores fronte á publicidade e a televenda.*»

2. O texto do artigo pasa a ser alínea 1 deste, coas seguintes modificacións:

a. O texto da letra b) substitúese polo seguinte:

«b) En ningún caso deberá explotarse a especial confianza dos nenos nos seus pais, en profesores ou noutras persoas, tales como profesionais de programas infantís ou, eventualmente, en personaxes de ficción.»

b. Engádeselle unha letra d) á alínea 1 co seguinte texto:

«d) No caso de publicidade ou de televenda de xoguetes, estas non deberán inducir a erro sobre as características destes, nin sobre a súa seguridade, nin tampouco sobre a capacidade e aptitudes necesarias no neno para utiliza-los ditos xoguetes sen producir dano para si ou a terceiros.»

3. Créase unha alínea 2 no artigo 16 co texto seguinte:

«2. A televenda deberá respectar os requisitos que se prevén na alínea 1 e, ademais, non incitará os menores a adquirir ou arrendar directamente produtos e bens ou a contratar a prestación de servizos.»

Dezanove. Modifícase a alínea 2 e créanse dúas novas alíneas, cos números 3 e 4, dentro do artigo 17 da Lei 25/1994 coa seguinte redacción:

«2. A emisión de programas susceptibles de prexudica-lo desenvolvemento físico, mental ou moral dos menores só poderá realizarse entre as vintedúas horas do día e as seis horas do día seguinte, e deberá ser obxecto de advertencia sobre o seu contido por medios acústicos e ópticos.

Cando tales programas se emitan sen codificar, deberán ser identificados mediante a presenza dun símbolo visual durante toda a súa duración.

O aquí disposto será tamén de aplicación ás emisións dedicadas á publicidade, á televenda e á promoción da propia programación.

3. O comezo da emisión de cada programa de televisión e ó proseguir esta, despois de cada interrupción para inserir publicidade e anuncios de televenda, unha advertencia, realizada por medios ópticos e acústicos, e que conterá unha cualificación orientativa, informará os espectadores da súa maior ou menor idoneidade para os menores de idade.

No caso de películas cinematográficas esta cualificación será a que recibisen para a súa difusión en salas de cine ou no mercado do vídeo, de acordo coa súa regulación específica. Isto enténdese sen prexuízo de que os operadores de televisión poidan completa-la cualificación con indicacións máis detalladas para mellor información dos pais ou respon-

sables dos menores. Nos restantes programas, corresponderalles ós operadores, individualmente ou de maneira coordinada, a cualificación das súas emisións.

No suposto de que no prazo de tres meses desde a entrada en vigor da lei, os operadores de televisión non se puxesen de acordo respecto dun sistema uniforme de presentación destas cualificacións, o Goberno dictará as normas precisas para asegura-lo seu funcionamento.

4. Nas emisións realizadas por operadores de televisión baixo xurisdicción española, deberán respectarse, en todo caso, os preceptos constitucionais.»

Vinte. 1. Créase un novo capítulo, co número V e a seguinte rúbrica:

«Capítulo V. Dereitos dos espectadores á información.»

2. Dentro deste capítulo, créase un novo artigo co número 18 e a rúbrica e o contido que a seguir se indican:

«Artigo 18. *Dereito á información.*

De acordo co previsto no artigo 2, 1, d), da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, constitúe un dereito dos telespectadores, en canto usuarios, coñecer, con antelación suficiente, a programación de televisión, incluídas as películas cinematográficas e a retransmisión de espectáculos. O Goberno e os órganos competentes das comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos competenciais, desenvolverán regulamentariamente o procedemento para facer efectivo este dereito.

Só serán posibles as modificacións na programación anunciada que sexan consecuencia de sucesos alleos á vontade do operador de televisión e que non puidesen ser razoablemente previstas, no momento de facerse pública a súa programación.»

Vinteun. 1. O actual capítulo V pasa a ser capítulo VI coa mesma rúbrica.

2. O artigo 18 pasa a ser artigo 19 coa súa alínea 1, redactada nos seguintes termos:

«1. O réxime sancionador establecido neste capítulo será de aplicación ós operadores públicos ou privados de televisión ós que se refiren as alíneas 1, 2 e 3 do artigo 2 da presente lei.»

3. Refúndense as actuais alíneas 2 e 3 do artigo 18 nunha nova alínea 2 do artigo 19, co texto seguinte:

«2. As comunidades autónomas exercerán o control e a inspección para garanti-lo cumprimento do previsto nesta lei e, se é o caso, tramitarán os correspondentes procedementos sancionadores e imporán as oportunas sancións en relación cos servizos de televisión en que os ámbitos de cobertura, calquera que sexa o medio de transmisión empregado, non excedan os seus respectivos límites territoriais. Tamén serán competentes en relación cos servizos de televisión en que a prestación cales sexa realizada directamente por elas ou por entidades ás que conferisen un título habilitante dentro do correspondente ámbito autonómico.

Corresponden ó Estado as competencias para garanti-lo cumprimento das disposicións desta lei, nos restantes servizos de televisión.

As funcións de inspección e control, no caso dos servizos de televisión recollidos no parágrafo anterior, serán exercidas polo Ministerio de Fomen-

to. Neste suposto, a imposición das sancións polo incumprimento do disposto nesta lei, corresponderá, no caso de infraccións graves, ó ministro de Fomento e no de infraccións moi graves, ó Consello de Ministros, por proposta daquel.»

4. Créase unha nova alínea no artigo 19, co número 3, e o seguinte texto:

«3. Os órganos competentes para a inspección e o control poderán requirir dos operadores públicos ou privados os datos que consideren necesarios para o exercicio das súas funcións.

Para estes efectos, tódolos operadores de televisión deberán archivar durante un prazo de seis meses contado desde a data da súa primeira emisión, tódolos programas emitidos, incluídas a publicidade e a televenta, e rexistra-los datos relativos a tales programas.

A información así obtida será confidencial, e non poderá utilizarse para fins distintos ós previstos nesta lei.»

5. Créase unha nova alínea no artigo 19, co número 4, e o seguinte texto:

«4. Cando un terceiro, incluídos os nacionais doutros estados membros da Unión Europea, se considere prexudicado polo presunto incumprimento por parte dun operador de televisión dalgunha das obrigas previstas nesta lei, poderá presentar denuncia motivada perante o órgano competente para a inspección e control da entidade supostamente infractora, o cal, trala instrucción do correspondente expediente, elevará, se é o caso, proposta razoada de resolución ó órgano competente para a imposición das correspondentes sancións.

A resolución que adopte este órgano porá fin á vía administrativa.»

Vintedous. O artigo 19 pasa a ser artigo 20 coas seguintes rúbrica e texto:

«Artigo 20. *Infraccións e sancións.*

1. A potestade sancionadora regulada nesta lei exerceráse de conformidade cos principios establecidos no título IX da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Considerarase infracción grave a contravención das obrigas e prohibicións establecidas nos artigos 5, 6, 8 a 16, 17.2 e 3, 18, 19.3 e na disposición adicional quinta desta lei.

Considerarase infracción moi grave a contravención das obrigas e prohibicións impostas nas alíneas 1 e 4 do artigo 17 e na disposición adicional segunda desta lei.

Igualmente, considerarase infracción moi grave a comisión, no prazo dun ano, de dúas ou máis infraccións graves sancionadas con carácter definitivo.

3. As infraccións graves ó previsto nesta lei serán sancionadas con multa de ata 50.000.000 de pesetas e as moi graves con multa desde 50.000.001 pesetas ata 100.000.000 de pesetas.

As infraccións moi graves á alínea número 1 do artigo 17, en razón das súas circunstancias, poderán dar lugar á suspensión de eficacia do título habilitante para a prestación do servizo de televisión e, en caso de reiteración, á súa revogación.

En todo caso, a contía da sanción que se impoña, dentro dos límites indicados, graduarase tendo en conta, ademais do previsto no artigo 131.3 da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o seguinte:

- a) A repercusión social da infracción
- b) O beneficio que lle reportase ó infractor a conducta sancionada
- c) A gravidade do incumprimento.»

Vintetrés. A disposición adicional única pasa a ser disposición adicional primeira, co seguinte texto:

«Disposición adicional primeira. *Requisitos de información.*

As comunidades autónomas deberanlle remitir ó Goberno, por requirimento deste, os datos que resulten necesarios para informar á Comisión Europea do grao de cumprimento do disposto nos artigos 5 e 6 desta lei por parte dos servizos de televisión respecto dos que teñan competencia, de acordo co previsto na alínea 2 do artigo 19 desta lei.

No caso de que dos datos se desprenda a existencia de incumprimentos por parte de operadores de televisión, o órgano competente do Estado e das comunidades autónomas indicarán, dentro das súas respectivas competencias, as medidas adoptadas para os corrixi-los.»

Vintecatros. Créase unha disposición adicional segunda co seguinte texto:

«Disposición adicional segunda. *Exercicio dos dereitos exclusivos.*

Ningún operador de televisión poderá exercer-los dereitos exclusivos de retransmisión de eventos que adquirise con posterioridade ó 30 de xullo de 1997, de maneira que restrinja os dereitos dunha parte substancial do público doutro estado membro da Unión Europea ó seu libre acceso por televisión, cando fosen considerados de interese xeral no dito estado. Estes dereitos terán o alcance e o contido que lles recoñeza a Comisión Europea, mediante calquera acto ou resolución publicado no "Diario Oficial das Comunidades Europeas".»

Vintecinco. Engádesse unha nova disposición adicional terceira co seguinte texto:

«Disposición adicional terceira. *Promoción da autorregulación.*

Con independencia do previsto no capítulo VI desta lei os poderes públicos promoverán o desenvolvemento de organizacións de autorregulación do sector, podendo acudir, tamén, a elas calquera persoa ou entidade que se considere prexudicada.»

Vinteseis. Engádesse unha nova disposición adicional cuarta co seguinte texto:

«Disposición adicional cuarta. *Medidas adicionais de protección á xuventude e á infancia.*

Na medida en que o desenvolvemento tecnolóxico o permita, o Goberno, para a mellor protección da xuventude e da infancia, poderá establecer-la obriga de que os receptores incorporen mecanismos automáticos de desconexión e esixirilles ós servizos de televisión que inclúan nas súas emisións os códigos que permitan activar estes mecanismos, a vontade do receptor.»

Vinteseite. Engádese unha nova disposición adicional quinta co seguinte texto:

«Disposición adicional quinta. *Obrigas complementarias de información.*

Os operadores de servicios de acceso condicional ou de redes de telecomunicacións habilitados para presta-lo servicio de difusión de televisión e, en xeral, todos aqueles que dispoñan de título habilitante para a prestación do servicio de difusión de televisión, informarán preceptivamente sobre as características de cada unha das canles de televisión que ofrezan, identificando se estas canles son propias ou foron subministradas por un terceiro e, neste último caso, o seu responsable editorial. Informarase, igualmente, de se se trata da retransmisión dunha canle da que a emisión primaria se está realizando por outra vía, indicando, nese caso, se o seu responsable editorial se encontra ou non baixo a xurisdicción dun estado membro da Unión Europea.

Esta información deberá actualizarse en cada momento e será remitida ó órgano administrativo que ten atribuídas as competencias de inspección e control previstas nesta lei.»

Vinteito. 1. A alínea 1 da disposición derradeira segunda queda modificada nos termos seguintes:

«1. Sen prexuízo das obrigas internacionais contraídas por España, facúltase o Goberno para establecer, por vía regulamentaria, as medidas necesarias que garantan que as emisións dos operadores de televisión que non estean baixo a xurisdicción de ningún estado membro da Unión Europea e poidan ser recibidas en territorio español, non resulten contrarias ó disposto no artigo 16 e nas alíneas 1 e 2 do artigo 17.

Para efectos do previsto no segundo parágrafo do artigo 4, no suposto de recepción en España de emisións dun operador de televisión baixo a xurisdicción doutro estado membro da Unión Europea, se se detectase unha posible infracción do disposto nas alíneas 1 e 2 do artigo 17 desta lei, o Ministerio de Fomento abrirá expediente informativo para comproba-los feitos. Se, das dilixencias efectuadas, se deducise que se produciu unha infracción manifesta e grave do disposto nas alíneas citadas, cursarase notificación ó operador estranxeiro, dando traslado desta ó estado membro da Unión Europea baixo a xurisdicción do cal se encontre e ós servicios correspondentes da Comisión Europea.»

2. Créase unha nova alínea, co número 3 e o seguinte texto:

«3. As contías sinaladas no primeiro parágrafo da alínea 2 do artigo 20 serán actualizadas periodicamente polo Goberno tendo en conta a variación dos índices de prezos ó consumo.»

3. A alínea 3 da disposición final segunda pasa a ser alínea 4 co mesmo texto.

Disposición adicional primeira.

As referencias efectuadas a unha terceira canle de televisión na Lei 46/1983, do 26 de decembro, entenderanse aplicables a un máximo de ata dúas canles de televisión por Comunidade Autónoma, en función das

dispoñibilidades de espectro radioeléctrico, de acordo co establecido polo Plan Nacional de Televisión Dixital Terrenal, aprobado polo Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro.

Disposición adicional segunda.

A letra b) da alínea 1 da disposición adicional sexta da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, queda redactada como segue:

«Se se trata de persoas xurídicas que teñan a forma de sociedade anónima, as súas accións serán nominativas. A participación no capital das sociedades concesionarias de persoas físicas ou xurídicas residentes ou nacionais de países que non sexan membros da Unión Europea, non poderá superar-lo 25 por 100 deste, excepto nos supstos en que poida aplicarse o principio de reciprocidade.»

Disposición adicional terceira.

A entidade pública empresarial da Rede Técnica Española de Televisión, á que se refire a disposición adicional sexta da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, poderá afecta-los seus activos ás funcións que realice para a análise, o estudio e o fomento da introducción, na sociedade española, das redes e servicios avanzados de telecomunicacións.

Disposición transitoria única.

O exercicio de dereitos exclusivos adquiridos despois do 30 de xullo de 1997 e con anterioridade á entrada en vigor desta lei, de forma diferente á sinalada na disposición adicional segunda da Lei 25/1994, modificada pola presente lei, non será constitutivo de infracción se o operador pode probar que concorren as circunstancias seguintes:

a) Que non ten capacidade para cumprir directamente coa obriga imposta pola citada disposición adicional segunda, mediante a emisión en aberto do evento para o que teña os dereitos, nas condicións establecidas nas relacións aprobadas pola Comisión Europea.

b) Que realizou tódolos esforzos razoables para cumprir esta obriga por medios indirectos, ofrecendo, de forma pública e aberta, a un prezo razoable, a cesión de dereitos ós operadores en situación de cumprilas citadas condicións.

c) Que, a pesar diso, a súa oferta non foi aceptada por ningún operador en situación de cumprilas condicións expresadas na precedente alínea a).

Disposición derogatoria única.

Quedan derogados os artigos 12, alínea 1, da Lei 42/1995, do 22 de decembro, das telecomunicacións por cable; o artigo 8, alínea 2, da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres; os parágrafos segundo e terceiro da disposición adicional sétima da Lei 37/1995, do 12 de decembro, das telecomunicacións por satélite, e cantas disposicións, de igual ou inferior rango á presente lei, se opoñan ó nela establecido.

Disposición final primeira.

Esta lei, posto que regula o contido dos medios audiovisuais, díctase ó abeiro do establecido polo artigo 149.1.27.^a da Constitución, e ten por tanto o carácter de norma básica.

Disposición final segunda.

O Goberno dictará as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición final terceira.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xuño de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

12907 *LEI ORGÁNICA 14/1999, do 9 de xuño, de modificación do Código penal de 1995, en materia de protección ás vítimas de malos tratos e da Lei de axuízamento criminal. («BOE» 138, do 10-6-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de acción contra a violencia doméstica, aprobado por acordo do Consello de Ministros do 30 de abril de 1998, incluía entre as súas medidas determinadas accións legislativas encamiñadas á modificación do Código penal e da Lei de axuízamento criminal para logra-la erradicación das condutas delictuosas consistentes en malos tratos, así como para lles outorgar unha maior e mellor protección ás vítimas de tan deplorables condutas.

A articulación de tales medidas legislativas concrétese, en canto se refire ó Código penal, na modificación dos artigos 33, 39, 48, 57, 83, 105, 153, 617 e 620, modificación que supón, entre outras innovacións, a inclusión como pena accesoria de determinados delitos da prohibición de aproximación á vítima, a tipificación como delito específico da violencia psíquica exercida con carácter habitual sobre as persoas próximas e facer posible o exercicio de oficio da acción penal nos supostos de faltas, ó mesmo tempo que se adecúa a imposición da sanción penal ás posibles consecuencias sobre a propia vítima.

En canto á Lei de axuízamento criminal, a modificación dos seus artigos 13 e 109, xunto coa introducción dun novo artigo 544 bis, persegue o obxectivo de facilita-la inmediata protección da vítima nos delitos de referencia, mediante a introducción dunha nova medida cautelar que permita o distanciamento físico entre o agresor e a vítima, medida que poderá acordarse entre as primeiras dilixencias. Por outra banda, refórmase o artigo 104 da dita lei para permiti-la persecución de oficio das faltas de malos tratos, ó tempo que se elimina a obsoleta referencia que se contén en tal precepto á deso-

bediencia das mulleres respecto dos seus maridos ou dos fillos respecto dos seus pais. Tamén se revisa a redacción do artigo 103 co obxecto de a pór en consonancia co vixente Código penal.

Por último, tamén dentro da reforma da Lei de axuízamento criminal, procurouse introducir un aspecto altamente novo de carácter procesual que pode redundar nunha considerable minoración das consecuencias que sobre a propia vítima ou sobre as testemuñas menores de idade pode te-lo desenvolvemento do proceso. Neste sentido, introdúcese a cobertura legal necesaria para que non se produza confrontación visual entre aquelas e o procesado; a forma de levarse a cabo poderá consistir na utilización de medios audiovisuais. Por congruencia con este principio, a práctica de acareos cando as testemuñas sexan menores de idade pasa a ter carácter excepcional.

CAPÍTULO I**Modificacións do Código penal****Artigo primeiro.**

Os artigos que a continuación se relacionan do libro I do Código penal modifícanse nos seguintes termos:

1. A alínea g) do número 2 do artigo 33 queda redactada da forma seguinte:

«g) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles ou a prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles, por tempo superior a tres anos.»

2. A alínea f) do número 3 do artigo 33 queda redactada da forma seguinte:

«f) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, ou a prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles, por tempo de seis meses a tres anos.»

3. Engádese unha alínea b) bis ó número 4 do artigo 33, coa seguinte redacción:

«b) bis. A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, ou a prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles, por tempo inferior a seis meses.»

4. A alínea f) do artigo 39 queda redactada da forma seguinte:

«f) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, ou a prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles.»

5. O artigo 48 queda redactado da forma seguinte:

«A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles impídelle ó penado volver ó lugar en que cometese o delito, ou a aquel en que resida a vítima ou a súa familia, se fosen distintos.